CONTOS COMO PULGAS

Texto de **BEATRIZ OSÉS**

Ilustracións de **MIGUEL ÁNGEL DÍEZ**

Encadernado en cartoné. 15 x 23,5 cm. 48 páx. 15 €.

PREMIO LAZARILLO DE CREACIÓN LITERARIA 2006

Contos como pulgas (galego)
ISBN 978-84-8464-824-6. Sete Leguas.

Cuentos como pulgas (castelán)
ISBN 978-84-92608-74-4. Siete Leguas.

Contos-pulga (portugués)
ISBN 978-989-749-003-3. Sete Léguas.

As lagartas fixeran un curso de papiroflexia, pois querían voar e chegar deica o sol... Aquela mañá todas se montaran entusiasmadas no avión de papel que fabricaran nos últimos meses...

"Contos como pulgas" é un libro de micro-relatos de animais dividido en catro secciós: Contos de auga, de ceo, de terra e de noite. Entre os seus protagonistas aparecen unha tartaruga nudista, unhas lagartas voadoras, uns caracois patinadores ou un león con perruca. Pequenos, poderosos, tímidos, brincadeiros... todos empatizan cos lectores porque Beatriz Osés humanízaos con cualidades e anécdotas tenras, humorísticas ou surrealistas.

A eses textos mínimos que destacan pola súa capacidade evocadora para facer voar a imaxinación infantil, únense as ilustracións de Miguel Ángel Díez, cheas de simpatía e que acentúan o carácter simbólico das historias. Lecturas enxeñosas e intelixentes, sen máis pretensión que ofrecer momentos de diversión cos bimbios máxicos da literatura, como elipsis, metáforas e outras figuras retóricas.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** micro-relatos de animais.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** dos autores de "El secreto del oso hormiguero" (I Premio Internacional Ciudad de Orihuela de Poesía para Nenos); do ilustrador de "El pastor de nubes".

Beatriz Osés

(Madrid, 1972)

Licenciada en Xornalismo, profesora e escritora. Imparte clases de Lingua e Literatura no IES Los Moriscos, en Hornachos (Badaxoz), e participa en actividades de animación lectora. Recibiu o Premio Joaquín Sama de Innovación Educativa (2004) da Junta de Extremadura, o Premio Nacional Giner de los Ríos á Mellora da Calidade Educativa (2005), o Premio Lazarillo de Creación Literaria (2006) por "Contos como pulgas", o I Premio Internacional Ciudad de Orihuela de Poesía para Nenos (2008) por "El secreto del oso hormiguero" e o II Premio La Brújula (2010). Colabora con publicacións especializadas en literatura.
http://beatrizosesgarcia.blogspot.com.es

Miguel Ángel Díez

(Aspe, 1973)

De formación autodidacta, forxou a súa traxectoria artística coa pintura e coa banda deseñada. Foi galardoado en varios concursos de historieta e recibiu accésits do certame de Cómic do INJUVE. Tamén gañou o VII Certame Internacional de Álbum Infantil Ilustrado Ciudad de Alicante, o Premio ao Libro Mellor Ilustrado 2008 (Generalitat Valenciana) por "Los animales de la lluvia" e foi incluido na lista de honra do premio Comisión Católica Española da Infancia na categoría de ilustración.
http://miguelangeldiez.blogspot.com